

A nosa vida...en positivo? IV

Vulnerabilidade social en adolescentes



MEMORIA DE AVALIACIÓN

ACTIVIDADES CURSO 2016-2017

3 de ABRIL DE 2017
De 10 a 11.30 h

No salón de actos da EGAP

“DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL”
Coloquio con Marcelo Lusardi

Dirixida ao alumnado de 1º de ESO do IES Antonio Fraguas e de 6º de Primaria do CEIP de Fontiñas e do Colexio Plurilingüe Monte dos Postes.



Esta memoria foi realizada por:

- ✦ **Beatriz Sixto Solar**, traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Margarita Vázquez Teo**; educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **María Dolores Sanz Lobo**; orientadora do IES Antonio Fraguas.



Índice

| | Páxs. |
|---|--------------|
| ✚ Presentación | 5 |
| 1. O proxecto "A nosa vida..., en positivo?" estaba fundamentado en | 6 |
| 2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos | 15 |
| 3. O desenvolvemento do proxecto | 18 |
| 3.1.- O inicio | 19 |
| 3.2.- A "fase PRE" | 19 |
| 3.2.1.- A organización | 19 |
| 3.2.2.- A difusión do proxecto | 20 |
| 3.3.- A "fase DURANTE" | 20 |
| 4. A avaliación de resultados | 22 |
| 4.1.- Como se fixo a avaliación? | 23 |
| 4.2.- Avaliación cuantitativa | 25 |
| 4.3.- Avaliación cualitativa | 27 |
| 4.4.- Grao de consecución de obxectivos | 30 |
| 4.5.- Suxestións para vindeiras edicións | 32 |
| 5. A modo de resume | 33 |
| 6. Anexos | 34 |
| 6.1.- A actividade en imaxes | 35 |
| 6.2.- Os soportes documentais | 39 |

A nosa vida...en positivo? IV

Vulnerabilidade social en adolescentes



ACTIVIDADES CURSO 2016-2017

3 de ABRIL DE 2017
De 10 a 11.30 h

No salón de actos da EGAP

“DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL”
Coloquio con Marcelo Lusardi

Dirixida ao alumnado de 1º de ESO do IES Antonio Fraguas e de 6º de Primaria do CEIP de Fontiñas e do Colexio Plurilingüe Monte dos Postes.



Presentación

*Dando un paso mais nas intervencións comunitarias, o IES Antonio Fraguas, o CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, o CEIP Fontiñas, o Programa Municipal Socioeducativo e a UTS Fontiñas (pertencentes estes dous últimos dispositivos aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), decidimos aunar esforzos para deseñar e implementar o proxecto “**A nosa vida..., en positivo?: vulnerabilidade social en adolescentes e mozos; deporte e superación persoal**”. Unha experiencia, cun enfoque preventivo, coa que se quere traballar con alumnado do IES Antonio Fraguas (1º da ESO), do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP Fontiñas (6º de primaria) temas de sensibilización e transmisión de valores, relacionados co esforzo, coa superación persoal, así como tamén á consecución de logros a través do deporte. Consideramos que o acercamento de referentes positivos é unha ferramenta básica para as persoas, para que poidan orientar a toma de decisións e favorecer o proceso de crecemento persoal, e isto é o que se pretende:*

... que as rapazas e rapaces dispoñan exemplos próximos de superación e esforzo onde o deporte se constitúe como elemento de inclusión.

...sensibilizar e concienciar sobre as diversidades funcionais, dende un unha óptica posibilitadora ...

... E, por último, lembrar que existe un claro compromiso do Concello de Santiago de Compostela con tódalas accións encamiñadas ao benestar dos mais novos do noso municipio, porque vós sodes o futuro.

Vexamos nas seguintes páxinas o desenvolvemento do proxecto...





Nos últimos anos o barrio das Fontiñas caracterizouse polo inicio dun percorrido dentro da dinamización en rede comunitaria, a través do seu Plan de Desenvolvemento Comunitario. O mesmo, naceu coa finalidade de incrementar o benestar de todos os colectivos que residen nesta zona, promovendo a súa inclusión social e a participación activa dentro da súa comunidade. Neste senso, teñen e tiveron cabida varios programas e proxectos que seguen este fío conductor da mellora social.

No traballo comunitario levado a cabo, tivo especial incidencia a intervención co colectivo infantoxuvenil, polas circunstancias sociais¹ que caracterizaban á zona, e co obxectivo claro de tentar mellorar as situacións familiares e as circunstancias sociais que afectaban a este grupo de idade. Retomando a idea expresada do párrafo anterior, o reemprazo xeneracional segue estando garantizado ao alcanzar o colectivo dos mais novos o 15,7 % da poboación e o dos maiores, o 14,2 %, existindo unha diferenza entre ambos de tan só o 1,5 %.



Fontiñas, un barrio aínda novo, pero cunha importante traxectoria vital, esixe ás entidades socioeducativas da zona unha “parada no camiño”, na que se puidera reflexionar sobre a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia. Realízase así, por parte da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), o *III Diagnóstico Comunitario*² da zona (ano 2015), contando coa estreita colaboración de tódalas entidades educativas, sanitarias e sociais do barrio, e dando cumprimento ao establecido no art. 11.b da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos

¹ Ao longo desta andadura, realizáronse tres estudos e diagnósticos comunitarios co fin de coñecer a realidade social do barrio, unha detección precoz de necesidades, un rexistro de recursos e un priorización de liñas de intervención.

Fonte *III Diagnóstico Comunitario*, levado a cabo no ano 2015, onde podemos constatar que os menores representan o 15,7 % da poboación de dereito do barrio e os maiores xa supoñen o 14,2 %. Estes datos desglósanse polo miúdo a continuación.

Mais información na rede comunitaria do barrio de Fontiñas, na web www.compostelaintegra.org


² Pódese visualizar e consultar o Diagnóstico Comunitario de Fontiñas na web municipal www.compostelaintegra.org




sociais de Galicia: a elaboración dun plan de intervención comunitario, acorde coas necesidades detectadas no diagnóstico social.

Non corresponde a este documento realizar unha reprodución da análise social realizada no III Diagnóstico Comunitario (para mais información, remitirse ao mesmo), pero si convén dar unhas pequenas pinceladas do mesmo, dado que o seu contido é o que fundamenta o deseño e a implementación dos proxectos de intervención comunitaria. Así, na seguinte imaxe ofrécese unha síntese da análise poboacional, das necesidades sociais e das situacións carencias detectadas:

Gráfica nº 2: Radiografía social no barrio de Fontiñas.



Para traballar con esta realidade social:




Importante dotación de recursos...

Fonte: III Diagnóstico Comunitario do Barrio de As Fontiñas (ano 2015). Elaborado pola UTS Fontiñas e o Programa municipal socioeducativo (ambos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).



E, en consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na intervención conxunta, en rede, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxias e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:

Gráfica nº 3: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, xullo 2015.

A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca comprometer e coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade e que, entre todos, se poidan realizar aportacións para a incremento do benestar social.



Gráfica nº 4: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas



Fonte: III Diagnóstico Comunitario. UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios), xullo 2015.

Non hai que esquecer que os fins da intervención comunitaria non deben ser exclusivamente asistencialistas (si ben hai que traballar para a cobertura das necesidades básicas da cidadanía), senón que debe dar un paso adiante, incidindo na prevención, como veremos máis adiante, e na integración no contorno comunitario (non dende a asimilación senón dende a pertenza a un barrio, dende a convivencia positiva da súa veciñanza, respectando as diferenzas de cada quen).


Gráfica nº 5: Fins da intervención comunitaria





A pesar do traballo realizado, non exento de logros, si houbo casos (evidentemente os menos, e en cifras, pouco significativos) nos que rapazas e rapaces se “*quedaron no camiño*”; adolescentes que, froito das súas circunstancias, remataron en centros de reeducación ou, incluso, que na súa maioría de idade, en centros penitenciarios. Tentando frear a prevalenza destas problemáticas sociais, nestes dezasete anos, se deseñaron e implementaron varios proxectos de intervención:

Gráfica nº 6: **A programación comunitaria no barrio de Fontiñas.**





ACTUACIONES COMUNITARIAS: Fontiñas EVOLUCIÓN TEMPORAL

2016.- Proyecto "Que nimalada!" /
Commemoración do Día
Internacional do Pobo
Xitano / Proyecto
"Mercadillo Solidario
Trócame-Roque IV" /

Grupo comunitario amplamente consolidado // Existencia de proxectos de intervención comunitaria, deseñados e implementados dende una óptica participativa // Transparencia da programación e na difusión de resultados a través da web www.compostelaintegra.org

Polo tanto, nesta nova edición de “A nosa vida... en positivo?” trataremos de conxugar por unha banda, as peticións dos participantes en edicións anteriores, trasladadas nas diferentes avaliacións dos proxectos comunitarios previos, que demandan a continuidade destas accións, e por outra banda, as reflexións dos profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos, como pode ser nesta ocasión, o de igualdade e prevención da violencia de xénero. A forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, permítenos coñecer opinións, intereses e inxedanzas dos participantes. Tratar de darlles unha resposta, con novas edicións de proxectos comunitarios é intervir con rigor e tecnicamente.

O ámbito educativo, a través do IES Antonio Fraguas e coa incorporación dos CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, é copartícipe de tódalas accións comunitarias que afectan ao colectivo infanto-xuvenil.

Ademais, dende os Departamentos de Orientación e de forma primordial dende o departamento de orientación do IES Antonio Fraguas, estes son un elemento catalizador e dinamizador de moitas das propostas de tipo colaborativo no centro, e de traballo en rede no barrio, segundo un modelo de intervención sociopsicopedagóxico que ten a prevención mediante programas, como una liña habitual de actuación nos diferentes ámbitos que abrangue.



Ben, pois tendo presente todo isto, dende a UTS Fontiñas (Concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde) e o IES Antonio Fraguas, contando coa colaboración das restantes entidades do barrio e recollendo ese “*testigo*” lanzado polo propio alumnado, preténdese levar a cabo novamente o proxecto formativo “**A nosa vida..., en positivo?; 4ª ed.**”, dirixido basicamente a adolescentes, con idades comprendidas entre os 12 e o 16 anos, coa finalidade de traballar con eles (dun xeito educativo dinámico e aberto) aspectos inherentes a situacións de vulnerabilidade ou de risco social, conxugados con reflexións técnicas e aplicacións prácticas.

Este proxecto, cun claro enfoque preventivo, enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

✦ **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:** Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociais.

✦ **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.

Sería un proxecto que se fundamenta tanto en aspectos vinculados á prevención primaria como secundaria.

No primeiro dos casos (prevención primaria) as accións formativas que se leven a cabo teñen como obxecto a prevención da aparición de condutas antisociais en poboación que aínda non presenta esta problemática; serían actividades dirixidas a adolescentes, en xeral, que pretenden asegurar o seu normal desenvolvemento.

No segundo (prevención secundaria), diríxese a adolescentes que amosan algún signo de condutas disruptivas e preténdese minguar factores de risco.

Aínda que se promovan principalmente actuacións vinculadas ás liñas de traballo anteriores, os obxetivos principias diríxense á totalidade da poboación, tratando de favorecer a integración social de todas as persoas. A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca comprometer e coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade e que, entre todos, se poidan realizar aportacións para a incremento do benestar social.

Este proxecto tamén se liga cos contidos establecidos nas liñas de actuación municipais de prevención de drogas. Así, neste eido, hai un ámbito referido á prevención comunitaria, tendo como destinatarios á totalidade da poboación, tratando de favorecer a integración social de todas as persoas. A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca comprometer e coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade e que, entre todos, se poidan realizar aportacións na prevención de drogodependencias.



Gráfica nº 7: A repercusión social dos proxectos comunitarios.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.





II.1.- Xeral:

- ☐ Sensibilizar á poboación adolescente sobre valores e actitudes positivas para o seu óptimo desenvolvemento vital.

II.2.- Dirixidas

- ☐ Aprender a exercer os dereitos de forma responsable, respectando sempre o que está “ao teu carón”.
- ☐ Poñer de manifesto as consecuencias, dende un punto de vista legal e práctico, de determinadas condutas.
- ☐ Contribuír á sensibilización dos colectivo escolar de cara a normalizar situacións de diversidade e favorecer situacións de inclusión neste eido.
- ☐ Crear referentes positivos que contribúan ao desenvolvemento deste grupo de idade.
- ☐ Reforzar “espazos de encontro” nos que estean presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.
- ☐ Amosar os beneficios e potencialidade que xorden da práctica deportiva; tanto a nivel persoal como comunitario.
- ☐ Fomentar hábitos e estilos de vida e ocio saudables.
- ☐ Cultivar os valores de solidariedade, superación persoal e colaboración que desprende a práctica dun deporte.
- ☐ Promover a superación de prexuízos e estereotipos cara as persoas con diversidade funcional mediante a empatía e o respecto.
- ☐ Promover espazos de convivencia entre menores pertencentes ao colectivo “infantil” e os pertencentes xa a “adolescencia” , procedentes dos tres centros educativos de Primaria e Secundaria existentes no barrio de Fontiñas: CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.



III.- O desenvolvemento do proxecto...





III.1.- O INICIO.

A idea inicial de deseñar e levar a cabo de novo o presente proxecto xurdiu nunha xuntanza de barrio, dados os resultados acadados nas anteriores edicións (cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015, 2016-2017). As **actuacións** son as seguintes:





1. **Charla-informativa** a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago, D^a Ana López-Suevos e a psiquiatra do CHUS, D^a Cecilia Blanco, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes. Dirixida a alumnado de 3º de ESO e a persoal técnico das diferentes entidades da rede do Barrio de Fontiñas.
2. **Colóquio- a cargo de Marcelo Lusardi**: actividade está vinculada especificamente co mundo do deporte e a discapacidade funcional, onde valores de superación e esforzo son a premisa fundamental. Esta actividade recupera o formato de convivencial entre os centros educativos do barrios, dirixida ao alumnado de sexto de primaria dos CEIP Monte dos Postes e CEIP Fontiñas e 1º da ESO do IES Antonio Fraguas.

III.2.- A FASE PRE.

III.2.1.- A organización.

Para concretar esta idea procedeuse a unha distribución de “papeis”:

- **Elaboración do proxecto**: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas e das traballadoras sociais da PASS Fontiñas: traballadora social e educadora social (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).
- **Contacto coa maxistrada e coa psiquiatra**: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Contacto con Marcelo Lusardi**: técnico de prevención da UMAD.
- **Xestión dos espazos e equipamentos**:
 - Escola Galega de Administración pública: a cargo do director IES Antonio Fraguas
- **Cartel para a difusión**: elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.

-  Deseño da **folha de avaliación** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas e das traballadoras sociais da PASS Fontiñas.
-  **Impresión da folha de avaliación** a cargo da educadora sociais do PASS Fontiñas.
-  **Financiación do proxecto**, a cargo do Programa municipal de Promoción de Hábitos de Vida Saudables (Concellería de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde).
-  **Elaboración da memoria**: a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas, das traballadoras sociais da PASS Fontiñas : traballadora social e da educadora social (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).


III.2.2.- A difusión do proxecto.

- 1) Difusión a través das redes telemáticas, tanto a do IES Antonio Fraguas (www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/) como á que engloba redes comunitarias na que se atopa a de Fontiñas (www.compostelaintegra.org).
- 2) Considerouse procedente utilizar xa o cartaz das anteriores edicións do proxecto, como sinal identificativo do mesmo, lembrando que foi elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.

III.3.- A FASE DURANTE

A implementación deste proxecto concretouse en dúas fases, claramente diferenciadas:

Táboa nº 3: Actividades do Proxecto "A nosa vida..., en positivo?", 4ª ed.

| ACTIVIDADES | DATAS | LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN | DESTINATARIOS |
|---|---------------------------------------|-------------------------|--|
| Charla-obra a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago, Dª Ana López-Suevos e a psiquiatra do CHUS, Dª Cecilia Blanco, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes | 13 de decembro de 2016, de 17 a 18.30 | IES Antonio Fraguas. |  Alumnado de 3º da ESO do IES Antonio Fraguas: aproximadamente 100 alumnos. |



| | | | |
|--|--|---|---|
| <p>Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.</p> | <p>3 de abril de 2017, de 10:00 a 11:30 horas.</p> | <p>Escola Galega de Administración Pública (EGAP)</p> | <ul style="list-style-type: none">  Alumnado de 1º da ESO do IES Antonio Fraguas: aproximadamente 100 alumnos.  Alumnado de 6º de Primaria do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes. Aproximadamente 50 alumnos.  Alumnado de 6º de Primaria do CEIP Fontiñas. Aproximadamente 50 alumnos |
|--|--|---|---|

Fonte: Datos extraídos do cómputo de alumnado e profesionais participantes. Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, Departamento de Orientación do CEIP Fontiñas, Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).





IV.1.- COMO SE FIXO A AVALIACIÓN?

Unha vez mais, en consonancia coa outros proxectos comunitarios xa realizados, se considera de especial relevancia a realización dunha avaliación participativa, que é sinónimo de risco e é básica para plantexar, no futuro, outras accións que sexan de interese para a comunidade. A metodoloxía para a realización de avaliación foi basicamente a seguinte:

- a) Realizouse unha avaliación inicial do contexto xeográfico e social no que se desenvolve o proxecto. É contextualizado na realidade social e territorial do barrio de Fontiñas; realízase así unha descrición da súa realidade social, en canto a número de habitantes, estruturación por colectivos de idade, movementos poboacionais, condicións de vivenda, diversidade cultural e socioeconómica dos seus habitantes e as principais problemáticas sociais que imperan na zona.

Vincúlase o proxecto co III Diagnóstico Social³, elaborado no ano 2015 cun enfoque comunitario, tendo en conta a mencionada realidade social e o aproveitamento da potencialidade e da oportunidade⁴ derivada dunha intervención comunitaria consolidada e estable no tempo. Así, é relacionado con dúas liñas de intervención que se consideran básicas na zona:

- **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:** Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociais.
 - **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.
- b) Prográmase igualmente a realización da avaliación pormenorizada da implementación do proxecto, describindo as fases do seu desenvolvemento:
 - ☞ A fase "inicio": de quen partiu a iniciativa (IES Antonio Fraguas) organización da primeira actividade e segunda actividade: xuntanzas comunitarias
 - ☞ A "fase PRE-": concretar e darlle forma á idea, a difusión, a distribución de roles, os contactos cos poñentes, etc.
 - ☞ A fase "durante": a implementación dos obradoiros, a celebración da mesa redonda, a distribución dos gastos, etc.

E podemos constatar como o proxecto incide en distintos ámbitos:

³ Mais información na web www.compostelaintegra.org

⁴ GONZALEZ SANTIAGO, Eva María e VIQUEIRA PÉREZ, María Jesús. II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (ano 2012). Documento que consta no apartado de "Documentación da rede do Barrio de Fontiñas" dentro da web www.compostelaintegra.org . Ver páx. 97: DAFO das entidades comunitarias.



- ☞ Na prevención, tanto na de índole primario (evitar a aparición de condutas asociadas) como na secundaria (minguar elementos que afectan a colectivos de risco).
- ☞ Trabállase dende a propia realidade na creación de referentes positivos.

c) E tamén se realiza unha avaliación de resultados, dende distintas ópticas:

- ☞ **Cuantitativa**, a través do cálculo e interpretación dos indicadores formulados previamente, e que fan referencia a:

| AVALIACIÓN CUANTITATIVA | ASPECTO A AVALIAR | INDICADORES |
|---|-------------------------------|---|
| | Organización e implementación | Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto |
| | | Nº de profesionais que participan nos obradoiros |
| | Impacto e participación | Nº de alumnado que participan nos obradoiros / nº de alumnado previsto |
| Nº de profesionais asistentes do eido educativo | | |
| Nº de profesionais asistentes do eido social | | |

- ☞ **Cualitativa**, a través da análise do cuestionario que se lle pasou ao alumnado participante, e que fan referencia a:

| AVALIACIÓN CUALITATIVA | ASPECTO A AVALIAR | INDICADORES |
|-----------------------------------|---|---|
| | Valoración do alumnado, a través da enquisas: | Grao de utilidade da información recibida |
| | | Exposición dos contidos |
| Propostas de mellora e suxestións | | |

A avaliación é concebida neste proxecto como unha ferramenta que evidencia os obstáculos que apareceron no camiño, pero tamén as potencialidades que xurdiron, polo que debe permitir a construción de novos escenarios, que probablemente se van materializar en futuros proxectos de intervención conxunta e mostrándose como unha avaliación non é o final dun proceso, senón un punto e seguido nas iniciativas comunitarias, que incluso as reforza e potencia.

É obrigado dar a coñecer á comunidade os resultados da implementación do proxecto, polo que o informe final de avaliación será incorporado, ao igual que xa estaba o proxecto, no apartado de documentación da web www.compostelaintegra.org

IV.2.- AVALIACIÓN CUANTITATIVA.

1º actividade: **Charla-obradoiro** a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago e a psiquiatra do CHUS, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes”.

| AVALIACIÓN CUANTITATIVA | ASPECTOS A AVALIAR | INDICADORES | Nº | OBSERVACIÓNS | |
|---|-------------------------------|--|----|--------------|--|
| | Organización e implementación | Nº de profesionais encargado da organización da actividade | | 1 | * Orientadora do IES Antonio Fraguas |
| | | Nº de profesionais colaboradores | | 3 | * Traballadoras sociais da UTS Fontiñas. * Educadora social do Programa municipal Socioeducativo. |
| | | Nº de profesionais que difunde o Proxecto | | 4 | * Orientadora do IES Antonio Fraguas * Traballadoras sociais da UTS Fontiñas. * Educadora social do Programa municipal Socioeducativo. |
| | | Nº de profesionais que participan na Mesa Redonda (13 de decembro de 2016) | | 4 | * Concelleira de Políticas Sociais * Director do IES Antonio Fraguas. * Maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago * Psiquiatra do CHUS |
| | Impacto e participación | Nº de alumnado que participan na mesa redonda / nº de alumnado previsto | | | 100/100= 100 % |
| | | Nº de profesionais asistentes á mesa redonda do eido educativo | | | 4/4= 100 % |
| Nº de profesionais asistentes á mesa redonda do eido social | | | | 11/12= 91 % | |

Fonte: Datos extraídos do cómputo de alumnado e profesionais participantes. Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, Departamento de Orientación do CEIP Fontiñas, Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

2º actividade: Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.

| | ASPECTOS A AVALIAR | INDICADORES | Nº | OBSERVACIÓNS |
|--------------------------------|-------------------------------|---|----|---|
| AVALIACIÓN CUANTITATIVA | Organización e implementación | Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto | 3 | *Orientadora do IES Antonio Fraguas *Traballadora social da UTS Fontiñas. *Educadora social do Programa municipal Socioeducativo. |
| | | Nº de profesionais colaboradores | 3 | * Orientador do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes * Orientadora do CEIP Fontiñas * Técnico de prevención UMAD |
| | | Nº de profesionais que difunden o Proxecto | 4 | *Orientadora do IES Antonio Fraguas *Orientador do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes *Orientadora do CEIP Fontiñas * Traballadoras sociais da UTS Fontiñas. *Educadora social do Programa municipal Socioeducativo. |
| | | Nº de profesionais que participan no Coloquio (3 de abril de 2017) | 3 | * Concelleira de Políticas Sociais *Director / orientador do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes * Marcelo Lusardi |
| | Impacto e participación | Nº de alumnado que participan no coloquio / nº de alumnado previsto | | 190/190= 100 % |
| | | Nº de profesionais asistentes ao coloquio do eido educativo | | 18/18= 100 % |
| | | Nº de profesionais asistentes ao coloquio do eido social | | 5/5= 100 % |

IV.3.- AVALIACIÓN CUALITATIVA.

A avaliación cualitativa co alumnado, so se realiza coa segunda actividade e foi pasada o propio día da actividade; 3 de abril. A experiencia foi ben acollida por tódolos asistentes á mesma. En xeral, as puntuacións obtidas foron elevadas.

Ítem analizado: "A sesión foi entretida".

| PUNTUACIÓN | "DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL" | |
|---------------------|--------------------------------|--------|
| | Nº | % |
| 1 | 2 | 1% |
| 2 | 10 | 5.02% |
| 3 | 60 | 31.57% |
| 4 | 118 | 62.10% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 190 | |

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado, volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "Utilidade dos contidos".

| PUNTUACIÓN | "DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL" | |
|---------------------|--------------------------------|--------|
| | Nº | % |
| 1 | 6 | 3.15% |
| 2 | 21 | 11.05% |
| 3 | 67 | 35.26% |
| 4 | 98 | 51.57% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 190 | |

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "Gustaríame saber mais sobre este tema".

| PUNTUACIÓN | "DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL" | |
|---------------------|--------------------------------|--------|
| | Nº | % |
| 1 | 4 | 2.10% |
| 2 | 24 | 12.63% |
| 3 | 60 | 31.5% |
| 4 | 104 | 54.73% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 190 | |

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "A exposición dos contidos foi clara".

| PUNTUACIÓN | "DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL" | |
|---------------------|--------------------------------|--------|
| | Nº | % |
| 1 | 1 | 0.5% |
| 2 | 13 | 6.8% |
| 3 | 46 | 24.21% |
| 4 | 132 | 69.47% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 190 | |

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Ítem analizado: "A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes".

| PUNTUACIÓN | APES E CENTRO PENITENCIARIO PEREIRO DE AGUIAR | |
|----------------------------|---|--------|
| | Nº | % |
| 1 | 5 | 2.6% |
| 2 | 12 | 6.31% |
| 3 | 37 | 19.47% |
| 4 | 139 | 73.15% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 190 | |

Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados ao alumnado; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).

Dos cinco ítems analizados, considérase de especial importancia a análise de dous deles: a reflexión que provocou a actividade e a utilidade dos seus contidos para a vida diaria dos adolescentes, considerando que a información é a ferramenta básica para a toma de decisións adecuada, exenta de disfuncionalidades e que favoreza a convivencia positiva, tanto no eido intrafamiliar, co grupo de iguais e no contorno comunitario.

En liñas xerais, a avaliación do proxecto foi satisfactoria, con puntuacións superiores a 3, nun intervalo de 1 a 4.

A actividade rematou cos comentarios realizados polo alumnado sobre qué lle gustaría mellorar, resulta de interese deixar plasmadas as súas opinións:

| CONCELLO DE SANTIAGO | | XUNTA DE GALICIA | | BARRIO DAS FONTIÑAS | |
|--|------------|------------------|---|---------------------|-----|
| CONCELLERÍA POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE | | XUNTA DE GALICIA | | BARRIO DAS FONTIÑAS | |
| ÍTEMS | PUNTUACIÓN | | | | |
| A sesión foi entretida. | 1 | 2 | 3 | 4 | 4 |
| Tratáronse temas útiles para o meu día a día. | 1 | 2 | 3 | 4 | 4 |
| Gustárame saber máis sobre este tema. | 1 | 2 | 3 | 4 | 2 |
| A exposición dos contidos foi clara. | 1 | 2 | 3 | 4 | 3/4 |
| A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes. | 1 | 2 | 3 | 4 | 4 |
| Algo que me gustaría mellorar | | | | | |
| Que poderamos ter máis tempo para falar con el, sinceramente, me a hecho abrir los ojos. | | | | | |



| CONCELLO DE SANTIAGO | | XUNTA DE GALICIA | |
|---|--|---|----------------|
| CONCELLERÍA POLITICAS SOCIAIS, DIVERSIDADES E SAÚDE | | CONCELLO DE SANTIAGO | |
| CONCELLERÍA POLITICAS SOCIAIS, DIVERSIDADES E SAÚDE | | CONCELLO DE SANTIAGO | |
| ÍTEMS | | ÍTEMS | PUNTUACIÓN |
| A sesión foi entretida. | | A sesión foi entretida. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| Tratáronse temas útiles para o meu día a día. | | Tratáronse temas útiles para o meu día a día. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| Gustárame saber máis sobre este tema. | | Gustárame saber máis sobre este tema. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| A exposición dos contidos foi clara. | | A exposición dos contidos foi clara. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes. | | A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| Algo que me gustaría mellorar: | | Algo que me gustaría mellorar <i>Completar ou falar de diferentes temas na charla.</i> | |
| <i>Estivo moi ben, boa colaboración tamén.</i> | | | |

| CONCELLO DE SANTIAGO | | XUNTA DE GALICIA | |
|---|------------|--|----------------|
| CONCELLERÍA POLITICAS SOCIAIS, DIVERSIDADES E SAÚDE | | CONCELLO DE SANTIAGO | |
| CONCELLERÍA POLITICAS SOCIAIS, DIVERSIDADES E SAÚDE | | CONCELLO DE SANTIAGO | |
| ÍTEMS | PUNTUACIÓN | ÍTEMS | PUNTUACIÓN |
| A sesión foi entretida. | | sesión foi entretida. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| Tratáronse temas útiles para o meu día a día. | | trátáronse temas útiles para o meu día a día. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| Gustárame saber máis sobre este tema. | | gustárame saber máis sobre este tema. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| A exposición dos contidos foi clara. | | exposición dos contidos foi clara. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes. | | actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes. | 1 2 <u>3</u> 4 |
| Algo que me gustaría mellorar: | | Algo que me gustaría mellorar <i>Gustárame que se ampliasa a duración da charla, foi moi interesante!</i> | |
| <i>Máis tempo para as preguntas</i> | | | |



.4.- GRAO DE CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS.

Vexamos agora os obxectivos que se recollían no proxecto e o grao de consecución dos mesmos, unha vez implementado:

- ✦ **Aprender a exercer os dereitos de forma responsable, respectando sempre o que está “ao teu carón”.**

Obxectivo acadado a través do obradoiro a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago e a psiquiatra do CHUS, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes”. Importante destacar a sensibilización dos alumnado.

- ✦ **Poñer de manifesto as consecuencias, dende un punto de vista legal, de determinadas condutas.**

Obxectivo acadado a través do obradoiro a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago e a psiquiatra do CHUS, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes”. Importante destacar a sensibilización dos alumnado.

- ✦ **Contribuír á sensibilización dos colectivo escolar de cara a normalizar situacións de diversidade e favorecer situacións de inclusión neste eido.**

Obxectivo acadado a través dos contidos traballados a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.

- ✦ **Crear referentes positivos que contribúan ao desenvolvemento deste grupo de idade**

Obxectivo acadado a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.

Obxectivo acadado a través do obradoiro a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago e a psiquiatra do CHUS, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes”

- ✦ **Reforzar “espazos de encontro” nos que estean presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.**

Obxectivo acadado a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi



✚ **Amosar os beneficios e potencialidade que xorden da práctica deportiva; tanto a nivel persoal como comunitario**

Obxectivo acadado a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi

✚ **Fomentar hábitos e estilos de vida e ocio saudables**

Obxectivo acadado a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.

Obxectivo acadado a través do obradoiro a cargo da maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago e a psiquiatra do CHUS, sobre Problemática socio-sanitaria e xudicial derivada do consumo de estupefacientes

✚ **Cultivar os valores de solidariedade, superación persoal e colaboración que desprende a práctica dun deporte**

Obxectivo acadado a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.

✚ **Promover as superación de prexuizos e estereotipos cara as persoas con diversidade funcional mediante a empatía e o respecto.**

Obxectivo acadado a través do Coloquio sobre “Deporte e superación persoal”, a cargo de Marcelo Lusardi.

✚ **Promover espazos de convivencia entre menores pertencentes ao colectivo “infantil” e os pertencentes xa a “adolescencia”.**

Obxectivo acadado a través do contacto do alumnado con profesionais pertencentes a distintas institucións públicas e entidades sociais e levando a cabo parte do proxecto fora do propio centro escolar, utilizando os recursos institucionais do barrio (EGAP).




Mirando cara ó futuro...

Apostando en todo momento por unha planificación participativa, contando coas valoracións realizadas tanto por alumnado, como por docentes e técnicos do ámbito social, estímase proceden continuar con estas accións comunitarias, podendo ser preciso o cambio de modalidade formativa (seminarios monográficos) para traballar con maior intensidade temas que poden ser de interese tanto do alumnado como dos profesionais.

Consideramos que a información é básica para o “aprendizaxe vital” das persoas; que a escola forma aos rapaces dende unha óptica integral; que coñecer é saber; que saber é un pilar fundamental para a elección dos nosos actos. Polo tanto, os profesionais traballamos dende o presente, para construír o futuro das xeracións máis novas; apostamos pola prevención e pola convivencia; de aí que calquera programa de mediación ou de formación sexa considerado de sumo interese para o barrio.







VI.1.- A ACTIVIDADE EN IMAXES

VI.1.- A ACTIVIDADE EN IMAXES



13 de decembro de 2016, “PROBLEMÁTICA SOCIO SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES”.

ALUMNADO DE 3º DE ESO DO IES ANTONIO FRAGUAS - PRESENTACIÓN DO ACTO:
Concepción Fernández. Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde.



3 DE ABRIL COLOQUIO SOBRE “DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL”

ALUMNADO DE 1º DE ESO DO IES ANTONIO FRAGUAS – 6º DE PRIMARIA DOS CEIP FONTIÑAS E CEIP PLURILINGUE MONTE DOS POSTES

PRESENTACIÓN DO ACTO: Concepción Fernández. Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde. Directo do CEIP PLURILINGUE MONTE DOS POSTES





VI.2.- OS SOPORTES DOCUMENTAIS

A nosa vida...en positivo? IV

Vulnerabilidade social en adolescentes



ACTIVIDADES CURSO 2016-2017

13 de DECEMBRO. IES ANTONIO FRAGUAS

“PROBLEMÁTICA SOCIO-SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES”.

Charla informativa a cargo de:


- D^a Cecilia López Blanco (Psiquiatra do Servizo de Paidopsiquiatría do CHUS) e

- D^a Ana López-Suevos (Maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago)

DIRIXIDA AO ALUMNADO DE 3º DE ESO.

A nosa vida...en positivo? IV

Vulnerabilidade social en adolescentes




ACTIVIDADES CURSO 2016-2017

3 de ABRIL DE 2017
De 10 a 11.30 h
No salón de actos da EGAP

“DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL”
Coloquio con Marcelo Lusardi

Dirixida ao alumnado de 1º de ESO do IES Antonio Fraguas e de 6º de Primaria do CEIP de Fontiñas e do Colexio Plurilingüe Monte dos Postes.



Nota: Como nas pasadas edicións, mantense o cartaz elaboradora por Dolores Sanz, orientadora do IES Antonio Fraguas.



Cuestionarios de avaliación pasados ao alumnado.

| ÍTEMS | PUNTUACIÓN |
|---|----------------|
| A sesión foi entretida. | 1 2 3 4 |
| Tratáronse temas útiles para o meu día a día. | 1 2 3 4 |
| Gustaríame saber máis sobre este tema. | 1 2 3 4 |
| A exposición dos contidos foi clara. | 1 2 3 4 |
| A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes. | 1 2 3 4 |
| Algo que me gustaría mellorar | |



Secretaría Xeral da EGAP

Ref.: mjmm
Resoluc. Núm. 162/2017

Carlos Encisa de Sá
IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

RESOLUCIÓN SOBRE A CESIÓN DE INSTALACIÓNS

Vista a solicitude formulada sobre a cesión temporal do uso de diversas instalacións da Escola Galega de Administración Pública, esta Dirección resolve:

1. Autorizar, de conformidade co disposto no artigo 1 da Orde do 3 de maio de 2010, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (*DOG* n.º 89, do 12 de maio) o uso das seguintes instalacións da Escola Galega de Administración Pública.

DEPENDENCIAS: Salón de actos (planta baixa)
CAPACIDADE: 286 pers.

MOTIVO: Conferencia sobre deporte e valores

CALENDARIO: 3 de abril do 2017

HORARIO: das 10.00 ás 11.30 horas

2. Non aplicar os prezos privados regulados e aprobados na referida orde, de conformidade co disposto no seu artigo 1.2.

3. A aceptación da solicitude por parte da EGAP leva consigo a obriga, por parte do solicitante, do cumprimento das Normas de Uso das instalacións publicadas na páxina web da EGAP: <http://egap.xunta.es/normas>.

4. Os asistentes que prestan servizos na Xunta de Galicia, deberán levar en sitio visible dende o momento da entrada na EGAP ata a súa saída a tarxeta de identificación individual, á que se refire a circular nº 3/94 da Inspección Xeral de Servizos.

5. Será imprescindible para o acceso ao centro, que cunha antelación mínima de dous días se faga chegar á Secretaría Xeral da EGAP, a relación detallada por orde alfabético dos asistentes (nome, apelidos e DNI).

6. A entidade que realiza a reserva deberá enviar á EGAP (reserva.aulas.egap@xunta.es), cunha antelación mínima de tres días, o programa definitivo da actividade así como comunicar o cargo e nome das autoridades que poidan participar nela.

Santiago de Compostela, 22 de marzo do 2017
A Secretaría Xeral,





Documento elaborado por:

- ✦ **Beatriz Sixto Solar**, traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Margarita Vázquez Teo**, educadora social do Programa municipal Socioeducativo (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- ✦ **Dolores Sanz Lobo**, orientadora do Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.

Manifestando o noso agradecemento pola colaboración das persoas que participan na implementación do proxecto, e en especial a nosa compañeira (Eva González Santiago) e actual xefa de sección de servizos sociais polo seu compromiso co barrio de Fontiñas.

Datas de implementación do proxecto: Decembro 2016 abril 2017.
Data de elaboración da memoria de implementación e informe de avaliación: abril 2017.